

Condicións xerais da “bonificación por traspasos externos de plans de pensións e de previsión individuais”

1. OBXECTO DA “BONIFICACIÓN”.

A “BONIFICACIÓN” consiste no dereito a percibir, na forma prevista na epígrafe 4.-, unha cantidade equivalente a unha determinada porcentaxe (%) dos importes traspasados, definidos na epígrafe 3.-, menos a retención fiscal que corresponda, aos seguintes plans de pensións comercializadas polo BBVA ou de previsión social individual integrado en Norpensión, EPSV Individual e administrados polo BBVA (de agora en diante, os PLANS):

PLANS DE PENSIÓNS	PLANS DE PREVISIÓN SOCIAL INDIVIDUAL (*)
- BBVA PLAN RENTA FIJA	- NORPENSIÓN RENTA FIJA
- BBVA PLAN 30	- NORPENSIÓN II
- BBVA PLAN 40	- NORPENSIÓN PRUDENTE
- BBVA PLAN 50	- NORPENSIÓN EQUILIBRADO
- BBVA PLAN INDIVIDUAL	- NORPENSIÓN DINÁMICO
- BBVA MULTIACTIVO MODERADO	- NORPENSIÓN DESARROLLO SOSTENIBLE ISR
- BBVA MULTIACTIVO DECIDIDO	- NORPENSIÓN RENTA VARIABLE IBEX
- BBVA MULTIACTIVO CONSERVADOR	- NORPENSIÓN JUBILACIÓN SOSTENIBLE 2025
- BBVA PLAN GLOBAL DESARROLLO SOSTENIBLE ISR	- NORPENSIÓN JUBILACIÓN SOSTENIBLE 2030
- BBVA PLAN RENTA VARIABLE IBEX	- NORPENSIÓN JUBILACIÓN SOSTENIBLE 2035
- BBVA PLAN TELECOMUNICACIONES	- NORPENSIÓN MEJORES IDEAS
- BBVA RENTA VARIABLE EUROPA	
- BBVA RENTA FIJA INTERNAC. FLEXIBLE	
- BBVA PLAN JUBILACIÓN SOSTENIBLE 2025	
- BBVA PLAN JUBILACION SOSTENIBLE 2030	
- BBVA PLAN JUBILACION SOSTENIBLE 2040	
- BBVA PLAN CONSOLIDACIÓN 85	
- BBVA PLAN SOSTENIBLE MODERADO	
- BBVA PLAN USA DESARROLLO SOSTENIBLE ISR	
- BBVA PLAN MEJORES IDEAS	

(*) Únicamente para residentes no País Vasco

2. TRASPASOS BONIFICADOS NA “BONIFICACIÓN”.

A BONIFICACIÓN unicamente será de aplicación aos partícipes/socios que:

Traspasen PLANS DE PENSIÓNS E DE PREVISIÓN SOCIAL INDIVIDUAL non xestionados/administrados nin comercializados por entidades do Grupo BBVA (traspasos externos), que se solicitasen entre o 1 de xullo de 2022 e o 30 de setembro de 2022, ambos incluídos, polos importes consignados na epígrafe 3.- Condicións da “Bonificación”.

3. CONDICIÓN DA "BONIFICACIÓN".

A BONIFICACIÓN será efectiva para os traspasos previstos na epígrafe anterior que se soliciten **no período comprendido entre o 1 de xullo de 2022 e o 30 de setembro de 2022, ambos incluídos**, e que se reciban nese período ou no mes seguinte ao finalización deste.

En caso de mobilización (externa ou interna fóra de campaña) e/ou cobramento da prestación, de dereitos consolidados/económicos de plans definidos na campaña en vigor, durante a duración desta, minorará o importe sobre o que se teña dereito a bonificación.

A % de bonificación establécese en función dos seguintes dereitos consolidados/económicos recibidos no traspaso externo.

Importe desde	Importe ata	% Bonificación	Núm. meses de permanencia
0,00	8.000,00	1,00	60
8.000,01	25.000,00	2,00	60
25.000,01	99.999.999,99	4,00	72
-----	-----	-----	-----
-----	-----	-----	-----

4. ABOAMENTO DA "BONIFICACIÓN".

A "BONIFICACIÓN", unha vez practicada a retención fiscal que corresponda, farase efectiva na conta asociada que o partícipe/socio manteña no BBVA o día **30 de setembro de 2022**.

O aboamento realizarase coas seguintes particularidades:

Para os traspasos solicitados durante o período de vixencia da campaña, cuxa liquidación se realice no mes seguinte á súa finalización, o aboamento da bonificación será efectivo durante ese mes.

A "BONIFICACIÓN", automaticamente, será ingresada no plan de pensións ou de previsión onde o partícipe/socio causase dereito á "BONIFICACIÓN", autorizando coa súa adhesión o BBVA a subscribir tales participacións (en caso de subscribir a modalidade con reinvestimento).

En caso de que o partícipe/socio cubrise o seu límite máximo financeiro de achega anual ao plan de pensións ou de previsión adherido, a bonificación non se ingresará no plan senón que se manterá na conta corrente do partícipe/socio.

5. DEVOLUCIÓN DA BONIFICACIÓN.

O partícipe/socio está obrigado a manter os dereitos consolidados/económicos xeradores da bonificación durante o número de meses consecutivos que se indican, en función da % de bonificación recibida, a partir da data en que se faga efectiva a "BONIFICACIÓN", tal e como se recolle no apdo. 3º CONDICIÓN DA "BONIFICACIÓN".

Durante ese prazo o partícipe/socio, ademais, debe cumprir:

- Os dereitos consolidados/económicos vinculados á BONIFICACIÓN do partícipe/socio no PLAN non deben ser traspasados total ou parcialmente a calquera outro plan de pensións, plan de previsión individual ou plan de previsión asegurado promovido por entidades alleas ao Grupo BBVA.
- Os dereitos consolidados vinculados á BONIFICACIÓN do partícipe/socio no PLAN non deben ser traspasados total ou parcialmente a calquera outro dos plans de pensións, plan de previsión individual ou plan de previsión asegurado promovidos polo BBVA non incluídos na campaña de bonificación en vigor nese momento, en caso de habela.

En caso de incumprimento, deberá devolver a BONIFICACIÓN recibida, de acordo coas seguintes normas:

1. Se durante o prazo de permanencia seguinte ao aboamento o partícipe/socio traspassa total ou parcialmente os dereitos consolidados/económicos vinculados á BONIFICACIÓN do PLAN a calquera outro plan de pensións, plan de previsión individual ou plans de previsión asegurados pertencentes a entidades alleas ao Grupo BBVA, estará obrigado a devolver a BONIFICACIÓN, na parte proporcional ao número de participacións traspasadas vinculadas á bonificación, co valor liquidativo da data en que realizou o traspaso, e na parte proporcional ao tempo de permanencia no PLAN das participacións traspasadas polas que se bonificou.
2. Se durante o prazo de permanencia seguinte ao aboamento o partícipe/socio realiza algún traspaso total ou parcial dos dereitos consolidados vinculados á BONIFICACIÓN a calquera outro plan de pensións ou de previsión promovido, comercializado ou administrado polo BBVA, distinto dos PLANS acollidos á campaña en vigor nese momento, en caso de habela, estará obrigado a devolver a bonificación recibida, na parte proporcional ao número de participacións traspasadas vinculadas á bonificación, co valor liquidativo da data en que realizou o traspaso, e na parte proporcional ao tempo de permanencia no PLAN das participacións traspasadas polas que se bonificou.
3. Se durante ese prazo, o partícipe/socio fai efectivos total ou parcialmente os dereitos consolidados/económicos vinculados á BONIFICACIÓN desta campaña, por calquera das contingencias ou supostos excepcionais de liquidez previstos nos regulamentos dos PLANS, o partícipe/socio estará obrigado a devolver a BONIFICACIÓN desta campaña, na parte proporcional ao número de participacións feitas efectivas vinculadas á bonificación, co valor liquidativo da data en que realizou o traspaso, e na parte proporcional ao tempo de permanencia no PLAN das participacións traspasadas polas que se bonificou, salvo que a prestación se realice en forma de renda periódica, en cuxo caso non se efectuará recobrimento.

O partícipe/socio autoriza irrevogablemente o BBVA para proceder á aplicación dos depósitos en efectivo e á realización de todo tipo de dereitos de crédito, efectos mercantís ou títulos valores que, así mesmo, poidan estar depositados no BBVA, co obxecto de atender co seu importe e ata onde alcance a devolución da BONIFICACIÓN.

Adicionalmente, e para o caso de non resultar posible a devolución conforme ao previsto no parágrafo anterior, o partícipe/socio comprométese con carácter irrevogable a devolver a BONIFICACIÓN co importe que no seu momento reciba do PLAN.

6. FISCALIDADE.

Aplicarase a fiscalidade vixente no momento do aboamento ou devolución da bonificación. Actualmente, de acordo coa lexislación vixente e cos criterios manifestados pola DXT en resposta a consultas sobre situacións análogas ou similares, considérase que:

- O aboamento da bonificación ten a consideración dun rendemento de capital mobiliario suxeito a retención. Integrarase na base liquidable do aforro que tributa aos correspondentes tipos da escala vixente en función do territorio de residencia fiscal do perceptor.
- A devolución da bonificación, no suposto previsto no número anterior, considerarase rendemento de capital mobiliario negativo ao que resultarán de aplicación as regras de compensación vixentes establecidas pola normativa de residencia fiscal do perceptor desta.

7. ACEPTACIÓN EXPRESA DAS CONDICIÓNIS DE ADHESIÓN.

I. O partícipe/socio manifesta que leu e comprendeu todos os termos destas condicións, que acepta expresamente.

II. O partícipe/socio, coa súa sinatura estampada na presente páxina, ou mediante a súa autorización telemática, presta a súa conformidade e aprobación á totalidade do presente condicionado, nos termos e responsabilidades que se establecen nel, e recibe neste acto un exemplar do documento contractual. E en proba diso e para cumprimento do acordado, asínao por duplicado ou autoriza telematicamente.